

ct

O ladrón de palabras

de
Antonio de la Fuente Arjona

traducido por
Xoán C. Riobó

(fragmento en galego)

Fragmento de la Escena 5

(A caixa móvese outra vez.)

SILVIA

(Apértase a Sara.) ¡É verdade! Mo...Moveuse.

OMAR

(Tómano de leria.) ¿Queredes asustarme verdade? Esa caixa non se mo... (A caixa móvese ante os seus propios ollos.) ¡Moveuse! (Omar únese ás nenas.) ¡Moveuse!

SARA

Si xa volo dixer...

A CAIXA

(Da que sae unha voz.)

Quen queira que sexas

Non quero pelexas

Non poderás comigo

Vaite ou se meu amigo

SARA

¡E ademais fala!

SILVIA

¿Como vai falar unha caixa? Haberá alguén dentro.

OMAR

(Con algo de medo acécase á caixa.) ¿Hai alguén dentro?

A CAIXA

(Párano cun berro.)

Non te acerques máis

Collerme non poderás

OMAR

¿Pero quen é?

A CAIXA

Se connmigo queredes falar

As palabras deberedes rimar

OMAR

Bueno, co mal que se me dan as poesías

A CAIXA

É fácil aprender

Presta atención

Só hai que facer

Coincidir a terminación

SARA

A ver, deixádeme probar. (Acércase un pouco á caixa. Antes de falar, pensao...)

Non o tome a mal

Pero gostaríanos saber

Si é home ou animal.

A CAIXA

Téndesme que crer

Anque nos vos dé a man

Eu son human

SILVIA

¿E por que non se asoma?

¿Quere gastarnos unha broma?

(Durante todo este diálogo a Caixa móvese dun lado a outro do escenario, asustando ós nenos que aínda non se fían moito.)

A CAIXA

De broma nada

Eu non saio

Desta caixa cadrada

Anque me parta un raio

OMAR

(Dillo a Sara.) Esa voz sóame.

SARA

A min dame mágoa.

OMAR

É o profesor de lingua, seguro.

SARA

¿Quen, Don Arturo?

OMAR

(Ríndo ó darse conta.) ¡Rimáchesme!

SARA

Despistáchesme

OMAR
¡Outra vez o fiseches!

SARA
Que dixeches

OMAR
Que outra vez rimaches.

SARA
Pois entón non marches.

OMAR
Deixa de tomarme o pelo lista.

SILVIA
Calade un momento,
creo que teño unha pista.

OMAR
Non, si dirá que ten talento.

A CAIXA
Dun ladrón me escondo
neste sitio tan fondo
quixo roubarme a fala
mais eu dinlle unha pancada
O bobo non sabía rimar
eu díxenlle toma
isto pódelo levar
e dinlle o punto e a coma

OMAR
¡Os signos de puntuación!

A CAIXA
E tamén os de interrogación e admiración

OMAR
¿Xa non podes preguntar?

SARA
Nin tampouco admirar.

A CAIXA
Agora cando falo
xa non sei se acabo ou empezo

e en cada vocablo
é coma un tropezo

SILVIA

Temos que irnos xa.

SARA

O tempo voa.

SILVIA

A panda estanos a esperar
no ximnaxio da escola.

A CAIXA

(Asustado.)

Non ir alá

estúvos avisando

o ladrón foise

cara o ximnasio andando

OMAR

Nós seguimos ó ladrón de palabras.

A CAIXA

Pois estades como cabras